

Descubriendo o Norte 2017-18

Trátase dun proxecto interdisciplinar que ten o seu eixo vertebrador no Deporte de Orientación.

Despois de desenvolver a fase de formación nos nosos centros, vimos aquí, á Moanteferro para poñer en práctica os coñecementos adquiridos e amosar o noso nivel competencial nos distintos ámbitos do coñecemento.

Programa:


16:30.....Explicación do desenvolvemento das carreiras de orientación en "escore" e en "liña"

16:45: Carreira Escore.

17:30: Carreira en Liña

17:50: Visita cultural guiada polo alumnado .

18:00: Merenda e remate da actividade.



Monteferro

Lugar de encontro: Monumento



CEP SABARÍS / CEIP SÁRDOMA—MOLEDO

Descubriendo o Norte 17 / 18

Alumnado de 5º de Primaria

Petróglifos e muíños



Pétróglifos das Penizas



Muíños Naviculares



CEP SABARÍS / CEIP SÁRDOMA

Parque Nacional das Illas Atlánticas



Primeramente imos facer diferenza entre *parque nacional* e *parque natural*. Ambos se dedican á conservación de especies naturais (plantas e animais), así como os valores naturais para a súa conser-

vación. Con todo, os parques nacionais, están menos transformados pola man do home, e son de interese recoñecido para toda a nación. Pola súa banda, os parques naturais, son xestionados polas comunidades autónomas.

Este parque comprende as *Illas Cies*, as de *Ons*, *Cortegada* e *Sálvora*, todas elas nas Rías Baixas galegas.

No seu conxunto forman máis de 8000 ha. das cales 1200 corresponden a illas rocosas con impresionantes praias e acantilados, o resto da superficie corresponde ás augas protexidas que rodean ás illas.

Desde o punto de vista ecolóxico, o parque ten gran importancia xa que alberga a numerosas especies de aves mariñas, a máis de 200 especies de algas e a unhas 400 especies de vexetais terrestres. Non en balde a illa de Cortegada acolle o maior bosque de loureiros de toda Europa.



Que son os petroglifos?

Son Mostras de arte rupestre (feitos sobre rochas), que datan do Neolítico, aproximadamente sobre o ano 10.000 A. de C. Hai que ter en conta que, o Neolítico en Galicia é tardío, sobre o 5000 A. de C.



A palabra petroglifo significa grabado na pedra (do grego, "petros", pedra; e "griphein", grabar).

No Neolítico o home pasa de ser nómada a ser sedentario, desenvolve traballos de agricultura e gandería.

Tipos de Petroglifos

Atopamos dous tipos de petroglifos:

- Naturalistas, que representan seres vivos, animais escenas da vida....
- Abstractos, repreentan figuras xeométricas, espirais, laberintos.



Técnicas

Podemos atopar as seguintes técnicas:

- Por abrasión, frotando cunha pedra e empregando area, auga ou cunchas.
- Por percusión, golpeando cunha pedra sobre outra a modo de martelo.



Os Petroglifos de Monteferro "As Penizas Pequenas" ou do "Coello"

Os petroglifos que aquí atopamos supónselles unha antigüidade duns 5000 anos De todos os xeitos hai quen sostén que a súa orixe é máis recenté, uns 3000 anos. Os motivos que podemos observar son "coviñas", surcos, óvalos e seis representacións podomorfas de pes descalzos.



Muiños naviculares

Máis visibles son os "Muiños Naviculares" que se utilizaban para moer cereais utilizando unha pedra que deslizaban sobre o cereal depositado no hoco. Pero a ausencia de indicios de terras de cultivo próximas suxírenos máis ben que



os utilizasen para moer herbas para obter substancias psico-trópicas utilizadas nalgún ritual.

Amenazas e Protección dos Petroglifos

Fundamentalmente temos dúas amenazas:

- O paso do tempo, a erosión do vento e a chuvia.
- A acción do hom, construción de estradas, canteiras, pasar por enriba deles...

Que podemos facer para coidalos e protexelos?:

- Non regabalos con punzóns
- Non remárcalo con xiz ou pinturas Dalos a coñecer para
- dalos a coñecer, crear sensibilidade e que a xente os valore e respecte